

O NADAL



XXXVI

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



XXXVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 202-2012

XXXVI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

Colabora:

Concello
de **BEGONTE**

ARREDOR DO NADAL


Agora que é tempo de Nadal, renace o Belén Electrónico de Begonte, e arredor del diversas actividades que de novo convirten este pobo en referencia lucense e galega destes tempos sempre ledos e risoños, aínda que ao noso arredor todo pareza estar en crise.

Nun mundo abatido polas carencias económicas, pola falta de ilusión, polas difíciles perspectivas de futuro económico e social, o Nadal segue a ser como un refuxio, un porto de abrigo, un lugar de acollida para –alomenos durante un tempo– mergullarnos nun mundo feliz, cheo de ilusións e de agarimo, onde os nosos devanceiros sementaron ilusión e fe e nós, colleitando fe e ilusión, temos que volver transplantalas ao ánimo e á ánima dos que nos seguen para que ese espírito do Nadal siga vivindo no futuro e sexa referencia a través dos tempos que han de vir.

O Nadal en Begonte comezou a celebrarse o xa lonxano 1972, cando dous soñadores (José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela), no máis puro franciscanismo, quixeron explicarlle ás nosas xentes o máis fermoso e humano misterio da nosa fe. Catro décadas despois, pola súa memoria e exemplo, e pola fe que sementaron no contorno, Begonte revive o Nadal de sempre, para espallalo a toda Galicia, nun tempo no que o espírito do Nadal nos fai máis falla que nunca.

Que o Nadal nos invada a todos coa súa mensaxe de amor e de paz! E que desde Begonte chegue a toda Galicia a nosa chamada:

Vinde ver o Belén, noso e voso, e atoparedes un lugar de paz que busca transmitirvos o máis fervente desexo dun feliz ano 2013, e unhas felices festas familiares neste tempo convulso no que tanta falla nos fai que o Nadal reine entre todos nós.

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, hand-drawn oval shape.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural
José Domínguez Guizán de Begonte*



POESÍA

XXXVI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2011 ven de convocar o XXXVI Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil doce.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2011.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXVI CERTAME
DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



**FALLO
DO
XURADO**

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXVI CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRIGUEZ BARRIO (escritor)

D. SINESIO PÉREZ RODRÍGUEZ (en representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (en representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituídos:

— *PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema NO ESTOY ALLÍ, presentado baixo o lema “Bajorelieve”, por JUAN JOSÉ VÉLEZ OTERO, de Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).*

— *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema NA CARABELA DOS DESEXOS (Cantata), do que é autor XOSÉ OTERO CANTO, de Lugo.*


— *Pola calidade dos seus traballos, o xurado acorda conceder cadansúa MENCIÓN DE HONRA, aos poemas:*

EDICTO DE NAVIDAD, presentado co lema “Vaso de música” por LAZARO DOMÍNGUEZ GALLEDO, de Ferrol, e

O BELÉN NA CHAIRA, do que é autor MARTIÑO MASEDA LOZANO, de Vilalba.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



JUAN JOSÉ VÉLEZ OTERO

Nace en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz). Licenciado en Filoloxía Inglesa, exerce como profesor nun Instituto de Ensino Secundario. Ten publicados os poemarios *Panorama desde el ático* (Madrid, Rialp, Col. Adonais, 1998), *Ese tren que nos lleva* (Madrid, Endymion, 1999), *Juegos de misantropía* (Ayto. de El Puerto de Santa María, 2002), *El álbum de la memoria* (Sevilla, Padilla, 2004), *La soledad del nómada* (Madrid, Vitruvio, 2004), *El sonido de la rueca* (Córdoba, Diputación / Casa de Galicia, 2005), *El solar* (Madrid, Endymion, 2007) e *Otro milagro de la primavera* (Valencia, Pre-Textos 2010)

Cos libros anteriores obtivo, entre outros, os premios Florentino Pérez Embid da Real Academia Sevillana de Buenas Letras, Feria del Libro de Madrid, Cáceres, Patrimonio de la Humanidad, Rosalía de Castro, Aljabibe de Poesía ou José de Espronceda. É a segunda ocasión que recibe o Primeiro Premio de Poesía en Begonte.

NO ESTOY ALLÍ

E pois que cada tempo ten seu tempo,
Iste é o tempo de chorar.
(*Celso Emilio Ferreiro*)

I

Ahora es una tarde de diciembre,
y se ha quedado el pueblo sumido en la nostalgia.
Gira lenta una noria allá por los navazos,
mueve el viento las varas desnudas de las viñas.
Duele estar vivo; ya duele en el recuerdo.
¿Hace cuánto montabas el viejo Nacimiento
al pie de la escalera?
Ordenaban tus manos las antiguas figuras
y nacía la magia en tu pecho de niño.
La familia reunida en torno a aquel belén
en un hogar humilde que ahora echas de menos.
Era un Dios pequeñito en la cuna, el remanso
de la felicidad inundando los días,
una lumbre de amor en la casa del padre,
un revuelo de hermanos festejando la dicha.

Ahora es una tarde de diciembre.
Regresan los vancejos ya vencidos
a los nidos sin sol de la parroquia.

II

Quisiera estar allí, la luz en las estrellas
de un cielo de papel sobre montes de harina,
la casa congregada y encendida de cantos,
antiguos villancicos que cantaba mi abuela.
Quisiera estar allí, los pájaros, la tarde,
acuarelas de amor al calor de la lumbre.
Oía a anís y a tortas, a las manos templadas
de mi madre, y al vino de mi padre, a lentisco.
El musgo de la huerta, el serrín y una noria
sin pausa que inundaba la plata de los campos.
Bocanadas de vida ocupaban mis días.
La mesa con los christmas, los dibujos, el álbum,
las fotos siempre grises que me hacían mis padres,
la cama de mis sueños, a veces de mi fiebre,
los cuadros, las paredes, el reloj estancado.
Venían los amigos, los parientes, y era
el amor un brasero de espliego en el Adviento.
Quisiera estar allí al son de la esperanza,
la noche de Belén reflejada en mis ojos.
Quisiera estar allí, quisiera estar allí
como un eco de luz arropado en el tiempo.



XOSÉ OTERO CANTO

Nado en Ponte de Outeiro (Castro de Rei - Lugo), é profesor de ensino secundario na materia de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, centro no que estudou de pequeno.

Ten publicados os libros de poemas *Salaíos da Chaira* (con ilustracións de Anxo Lamas, editado pola Fundación Manuel María da Terra Cha, colección “As foulas do Rañego” N° 4), *Arelas de prata e soños* e *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*.

En 2007 obtivo o segundo premio no Certame Literario do Concello de Vilalba co libro de poemas *Nesta silandeira cremalleira de auga*, referido ao río Miño. En 2008 consegue o primeiro premio no XXXIV Certame do concello vilalbés polo poemario *Atafegando o asfalto*. Xa en 2009, o Premio Nacional de Poesía sobre o Nadal en Begonte e o segundo premio do XXXV Certame Literario de Vilalba polo poemario *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*. En 2010, o Premio Begonte de Poesía por *Cometa branca na singradura dun branco roncel*. E no 2012, por *Nenas chairegas*, o segundo premio do Certame Literario do Concello de Vilalba.

NA CARABELA DOS DESEXOS

-Cantata-

RELATOR (Tenor):

Entre as parábolas dos astros
e a lumieira que a lúa abriga.
Entre a neve abençoado
remuíña A SABEDORÍA.

Coas pedriñas de sarabia
fixo berce noso Señor,
cos pelouriños de neve
almofada e cobertor,
e pillou cara a BEGONTE
sobre o furacán virador.

.....

Pasaron as brancas cegoñas de nimbos e surada
acariñando as falopas de neve vestida
e as ás esponxosas das nubes estiradas
co pico atravesado bambeando o fardelo,
troupeleando sons inintelixibeis de peteiro acaroado.

Loamiñeiras pousantes do neno.
Adobíos do calado no descendemento.
Charramandeiros capizos nas feitucas tempas.
Caramuxos nas orelas, bígaros os ollos,
caletre egrexio o pensamento.

O altor do ceo, a ancheza da terra
non o arredou.
A cova do abismo, o vento galgueiro
non o atordou
porque traía risoños de resol,
doas de luz, corrullos de primor,
grilandas de marmelo, níscalos en flor...

Ao chegar ao Centro Cultural
das searas de begonte sente anxeio
e por pallas secas caneta trocou
facendo mudanza do barrelo de xeo.

Convocou a toda A CHAIRA,
ben oiredes o que clamou:

XESÚS (Mezzosoprano):

“Chairegos todos, dun a outro confín,
dende Meira ata Guitiriz,
desde Begonte até Abadín.
Vinde saber a verdade.
Vinde ao NENO adorar”.

“Pegureiros de Romariz,
zapateiros de Muimenta
e de Outeiro pescantíns.
De Bonxe os pucareiros
e as trapeiras do Buriz.

Dende Ramil os zoqueiros
e os canteiros de Goiriz.

Leiteiros da Pastoriza,
cordeiros de Sanfiz.

De San Simón os queixeiros
e zoqueiros de Ramil,
de Xermade cazadores,
carreteiros de Mondriz”.

“Vinde todos axiña e quedádevos aquí
con esta luz temesiña de decembro feridor
nestes días malpocados pola laceira do sol
e fagamos un coro para laudar al SEÑOR
repenicando pandeiros
e tañendo os punteiros
da nosa gaita de fol”.

CORO:

“Señor Principal, Meniño do ceo.
Dende o BELÉN DE BEGONTE sírvete dicirnos:
se hai salmos apocalípticos,
ou vagallóns na tempestade deste mar”.

XESÚS (Mezzosoprano):

As buguinas dos abrentes serán azuis,
e a temperanza dos desexos verase colmada
cando a roibén do crepúsculo aboie verdades,
e a ardora fosforeza nos corazóns a miña luz
embarcada na carabela dos desexos,
e escache nas escumas da bondade
que se rizan nas ondas mergulladas no alén”.



LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO

Crego e escritor, é profesor do Instituto Concepción Arenal de Ferrol, coadxutor do Pilar e capelán das Relixiosas Mercedarias desta cidade.

Ten escrito un libro de divulgación relixiosa e varios poemarios. Escribe artigos de opinión en *El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol*.

Entre os seus premios de narrativa destacan o “Pérez Galdós”, o nacional de contos “Ateneo de Sevilla”, e o de contos de Carreño - Asturias. En poesía, o “Alonso Carmín” de Xixón, o “Ausias March” de Gandía, o “Carabela de Plata” de Barcelona, “Nacional Jerez”, “Amantes de Teruel”, “Gerardo Diego”, ou o “Francisco de Quevedo” de Villanueva de los Infantes”. En Begonte, recentemente, acadou o segundo premio do Certame de Poesía Nacional sobre o Nadal (XXXIII Certame) polo poema *Con los ojos en el Niño de Belén*.

EDICTO DE NAVIDAD

Queda prohibido terminantemente
decir Navidad sin antes siquiera
haber alineado los ojos y manos
hacia aquellos niños de muda tristeza,
que nadie besó, que jamás jugaron
con palomas blancas ni mirlos de seda.

Queda prohibido de forma precisa
decir Navidad, sin antes siquiera
haber reparado en los que mendigan
migajas de amor por toda la tierra,
malviven vestidos de olvido y de tedio
y sólo conocen la hiel de las penas.

Queda prohibido sin lugar a dudas
decir Navidad, sin antes siquiera
tener el deseo de atender al pobre,
al pobre que llora, que gime sin tregua,
siempre con el perro, -su único amigo-,
famélico y triste, velando a su vera.

Queda prohibido, taxativamente
decir Navidad e ignorar a secas
que un Niño divino, lleno de ternura,
de mirada dulce, de limpia inocencia,
es Dios con nosotros, el Dios verdadero,
el Dios hecho carne de luz y azucena.

Queda prohibido de forma indeleble,
bajo duro arresto de cárcel perpetua,
el fiel “navidismo”, –Navidad sin Dios–,
y el fiel “consumismo”, –Navidad de ingesta–,
que rebaja a mínimos, a nivel profano,
la altura sagrada de estas grandes fiestas.

Queda prohibido terminantemente
olvidar zambombas, también panderetas,
timbales, guitarras y otros instrumentos,
porque el Niño-Dios, caudal de terneza,
quiere que le canten villancicos puros
al son jubiloso de estas herramientas.

Queda prohibido despertar al Niño
con ruidos extraños, con gritos de guerra,
ajenos al hecho que conmemoramos
y a la quietud santa de los que lo velan:
San José bendito y la Virgen Madre,
dos lirios fragantes, dos preciosas perlas.

Queda prohibido de forma absoluta
el vil desafío, la impía reyerta,
la pugna malvada, la cruda disputa,
la riña, la bronca, la dura contienda,
porque el Dios nacido es el Dios que quiere
para todo el mundo la paz verdadera.

Queda prohibido de forma imperiosa
pasar por Begonte sin ver la belleza
de su Nacimiento, el Belén hermoso,

Mágico y moderno, donde el Niño sueña
entre querubines y espléndidas luces,
y mil personajes que a la cuna llegan.

Queda prohibido de forma tajante
no quedar perplejos ante la lindeza
de la obra de arte que en Begonte se halla:
un Belén que es fruto de manos maestras,
de técnicas sabias, de activo servicio,
de amor entrañable y de mucha entrega.

Y así se publica en este diciembre
del presente año, con sello y con fecha,
para cumplimiento estricto y severo
de cuanto se dice, y como advertencia
a los infractores, que habrán de atenerse
al desasosiego de su vil conciencia.



MARTIÑO MASEDA LOZANO

Licenciado en Filoloxía, obtivo o segundo premio no Certame Xuventude-98 de Narración (1998), foi Premio Ourense de Contos (1999) e Premio de Poesía “O Poeta Azul de Ferrol” (2000), seguindo en 2001 co terceiro premio no Certame Ágora Conto, e o premio de Poesía Pedro Alonso Morgado de Huelva. En 2005, foi premiado no Certame Literario de Vilalba. En 2011, tamén en Vilalba, acadou o segundo premio polo poemario *Entre as paredes do silencio*.

Colaborou no xornal *El Progreso*. Ten publicado poemas en revistas literarias, en edición non venal viron a luz o relato gañador xunto cos accésits no Concurso Ourense de contos así como nunha publicación colectiva se incluíron os seus contos premiados nos certames Ágora conto. Varios dos seus textos foron incluídos nunha selección feita por *La Voz de Galicia*, titulada *Relatos de Verán*. No Certame nacional de poesía sobre o Nadal de Begonte (XXXII edición), obtivo o segundo premio polo poema *O Belén da esperanza*.

O BELÉN DA CHAIRA

O BELÉN DA CHAIRA

Belén de Begonte,
eterno belén da Chaira,
corenta anos alumando
as paredes da nosa alma.
Outro inverno me achego a ti
entre sorrisos e cántigas,
para que me biques as meixelas
cos teus beizos de esperanza
e debuxes o fulgor da ledicia
no lenzo da miña cara.
Vou co paso decidido
por eses sendeiros da Chaira
na procura do teu berce,
sublime paraíso da calma,
para atoparme contigo,
e brindarche as miñas palabras,
de amor e agarimo
que con gusto hei pronuncialas.
Tamén levarei comigo:
un desexo e unha ansia.
O desexo agochado no corazón,
a ansia no pensamento gardada.
O primeiro, ter outro ano saúde
para camiñar deica á túa casa,
no máxico lugar de Begonte,

da Terra Chá encantada.
E por ansia, ser un bo poeta
creador de versos a esgalla,
para ir cada Nadal onda ti
e louvarte coa miña palabra.
Co corpo tremendo co frío
e o rostro aloumiñado pola xeadá
apuro a gastar o camiño
que me afasta da túa morada,
tendo de compañeira na viaxe
a estrela cuxa luz nunca se apaga.
Xa me restan poucos pasos,
está pronta a miña chegada,
medra no meu interior a alegría
e teño a alma incendiada
da paixón que en min prende
ao saber que me agardas
coas túas portas abertas
e a soleira engalanada
para recibir o meus pés cansos
e alimentar o alento que me falta.
Ai, Belén de Begonte!,
símbolo desta vila enfeitizada,
no cerne doutro Nadal máis
busco a túa candorosa compañía
para admirarte coa ilusión
nos meus ollos impregnada
e coa sede do meu corazón
necesitando ser saciada
co líquido do teu amor,
ese que nunca remata.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e...
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
tiva medre e...
mas...
sua... a...
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián...
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
arón do Neno Deus, e...
ria e S. Xosé, e...
7 camellos re...
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XXXVI CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XXXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, de acordo coas seguintes bases:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2012, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Begonte (Lugo), Nadal de 2011.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. XESÚS MATO MATO, D^a BLANCA PACÍN SOMOZA, D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO, D. XULIO XIZ RAMIL e D. JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, do Centro Cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

- **PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO**, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo “INMEMORABLE AGASALLO”, publicado en www.galiciadigital.com por KENIA VALLE PRADO, de Cerdeiras - Begonte.
- **SEGUNDO PREMIO**, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a “CHEGADA DO MAR (CONTO DE NADAL)”, publicado en www.galiciadigital.com por XOSÉ ROMÁN ESCOURIDO BASANTA.
- Pola calidade do seu traballo, concédese **MENCIÓN DE HONRA** dotada con estatuíña de Sargadelos a XOSÉ LUÍS OTERO CEBRAL, polo traballo titulado “BEGONTE CHAMA POLO NADAL”, publicado en *El Progreso* o pasado seis de xaneiro.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Gómez



MARIA EUGENIA VALLE PRADO (*Kenia*)

Amante da natureza, da arqueoloxía, do deporte (principalmente fútbol e baloncesto) e da lectura, traballou como auxiliar administrativa, axudante de arqueólogo, nas industrias madeireira e láctea, e como mestra de informática.

En Begonte, gañou o 1º premio do XVII Certame de Debuxo Infantil no Nadal de 1992, e unha Mención de Honra no XXXV Certame de Xornalismo “Begonte e o Nadal.

INMEMORABLE AGASALLO

O adro da igrexa facía as veces de ágora grega. Logo de escoitaren a misa das doce discutirían sobre o agasallo ao recén nado... o plebiscito non foi doado como veredes...

O domingo pasado chegaran á conclusión de que o mellor co que podían agasallar ao neno era sen dúbida... un libro. ¿pero cal? ¡Cánta disparidade sobre qué texto escoller!

O ferreiro do lugar, votaba por “Los santos inocentes” de Miguel Delibes; unha dramática historia que a moitos dos alí presentes lles fixo recordar o sometemento ó amo, a dureza da vida dos máis desfavorecidos que traballaban o agro, o cal personalizaron nos seus pais e avós polo que o descartaron... era un bo libro pero triste...

–Entón eu... xa non vos proponho o meu, dixo o carpinteiro. Lin fai pouco “La familia de Pascual Duarte” de Camilo José Cela e fíxome bagoar pola crueldade da narración que tamén ten lugar no rural...

–Pois cambiando de tema e deixando atrás a amargura dos libros antes citados, eu pola miña profesión recoméndovos “El médico” de Noah Gordon.

–¿Toleache? dixo o ferreiro.

–Non non... non hai que ter coñecementos de menciña, é un libro doado de ler. Conta a historia dun home chamado Rob que vai dende Inglaterra ata Persia aliviando a dor allea cos escasos medios que había no século XI, coñecerá o mestre Avicena...

-Non me parece, de tódolos xeitos un libro adecuado, dixo o mestre. Eu voto por “El alcalde de Zalamea” ou “La vida es sueño” de Calderón de la Barca.

-¡Aló vai o mestre quitarlle as ansias de ler á criatura antes de que vaia á escola!

Se falamos de agasallalo cunha das mellores obras da literatura española, mercaremos “Don Quijote de la Mancha” de Miguel de Cervantes e aburrirémolo coas innumerables aventuras del e do seu escudeiro Sancho Panza ... Aposto a que moitos dos que aquí estamos, aparcamos o libro na aventura de Sierra Morena ou antes... ¡Asusta xa polo tamaño!

Mirade, non dubido de que tanto este libro como os de Calderón de la Barca sexan obras importantísimas da literatura pero son obras moi difíciles de ler, longas, escritas en castelán antigo..., apuntaba o carpinteiro.

-Está ben , dixo o mestre... ¿que vos parece logo “Ética para Amador” de Fernando Savater?

O pastor de ovellas riu a esgalla. Era un home moi cultivado, que lera moito no monte namentras coidaba do gando e entre moitos coñecía tal libro.

-¡Os mestres tedes moito de filósofos! ¿Que-res darlle normas de civismo antes de que remate de mamar? ¡Mércallo cando cumpla os dezaseis!

O mestre, vendo que as súas suxerencias non daban o froito agardado e sentíndose preso da mofa, marchou.

Fíxose o silencio por un pouco. Todos cavilaban no dichoso libro pero ademáis de non seren moitas as ideas, tiñan medo a meter a zoca e verse burlados ao igual que o mestre.

A fiadeira, como muller que era, sen medo, moi segura de si mesma, atreveuse a tomar a palabra.

-Eu lin fai pouco “Relato de un naufrago” de Gabriel García Márquez e gustoume moito; conta como un home pasou dez días sen comer nin beber, logo de irse a pique o buque no que viaxaba xunto con outros sete... e milagrosamente sobreviviu nunha illa deserta! Foi moita a popularidade da que gozou logo de ser rescatado pero como todo o bo remata, logo dun tempo foi esquecido.

-Paréceme unha boa obra, abofé que si pero a min o libro que máis me fascinou de todos cantos lin (e non son poucos) é “Ensayo sobre la ceguera” de José Saramago; é unha historia apesurada (unha cegueira expándese de maneira fulminante) que nos fai reflexionar sobre a vulnerabilidade humana. Anímovos a que o leades, se alguén quere que llo empreste que veña pola reitoral, dixo o cura.

Anoitecía e empezaba a xear. Os cumios das montañas, ao lonxe, aparecían pintadas cun pequeno manto froito da neve. Os prados, con pouca herba pero moi verdes... as leiras de nabos... os piñeiros abaneados polo aire... o son da auga cantando nos regatos... os fumes saíndo das chemineas das casiñas... os cans oubeando á noite...

Un labrador do lugar, con mirada pausada, dirixiuse aos seus veciños e díxolles:

–¿Fai falta que vos diga cal é o libro co que hai que agasallar ó rapaz? Mirade ao voso arredor, mirade onde nace este neno... na profundidade da Terra Chá, neste noso pobo pequeno, arrolado por xente de fazulas encarnadas pero ca pel moura do sol do verán, que levan zocas nos pés e roupa de liño...

Esta meditación fixo que todos se deran conta de que o mellor libro para o neno era... “MEMORIAS DUN NENO LABREGO”... un neno noviño, nado no rural co cal se podería sentir identificado... pero o que non sabían os veciños desde lugar, é que a este noso particular Balbino chamado Xesús agardábanlle probas máis duras ca o protagonista da historia de Xosé Neira Vilas.



XOSÉ ROMÁN ESCOURIDO BASANTA

Crego de San Román de Covas e outras parroquias da bisbarra, é arcipreste de Viveiro e Delegado diocesán de Santuarios, Peregrinacións e Turismo.

En 1995 foi nomeado Socio de Honra da Asociación de Veciños de Bravos. No 2004 foi Pregoeiro do Nadal en Viveiro. Ten publicados varios artigos na revista *Pregón* da Semana Santa de Viveiro.

Con 18 anos obtivo o segundo premio de Poesía das Festas Minervais do Colexio Landro de Viveiro, e logo (1970) o Mexillón de Prata en Vilagarcía de Arousa.

En 2004 acadou mención de honra no Certame do Belén de Begonte, en 2005 o segundo premio, e en 2009 unha nova mención de honra.

CHEGADA DO MAR (CONTO DE NADAL)

Na casa había moito movemento de potas e lumes onde se amañaba a cea da Noite Boa.

Andrea saíu a pasear co seu pai, recorrendo a longa praia, mentres a tarde ía caendo a modiño e a lúa ensinaba a súa cara detrás dos penedos onde penduraban algunhas folerpas de neve.

As ondas debuxaban na praia siluetas caprichosas. Mentras a pequena correu tras elas intentando pillalas. De súpeto, unha onda encrestada arrastrou á praia unha caixiña de latón vello. Na cara da nena quedou reflectida unha mirada de sorpresa, un tanto aturdida ante aquela aparición. E sen moito pensalo, exclamou: “Papa, mira, un tesouro chegado do mar”. O pai colleuna da man e achegouse ao cofre e, con moita cautela, comezouno a abrir.

As mans da pequena tremeron de emoción e de estupor.

“Papa –dixo Andrea– son figuriñas do Belén. Mira, un rei mago, unha nai co seu neno, ¡ah!, un anxiño, e aquí, o rei Herodes. ¡Fíxate, veñen acompañadas dun papeliño!”. Abriuño e dicía: “Agardo que estas figuriñas cheguen un día ao seu lugar de orixe: O Belen de Begonte.

Un día viaxei dende un lugar moi afastado para coñecer este Nacemento tan fermoso da Terra Cha. Quedei tan abraiada que nun intre, cando todo estaba en penumbra, collín unhas figuriñas para desfrutar paseniñamente da súa fermosura.

Pasado un tempo, caín na conta de que elas non tiñan vida, se elas non estaban no seu ámbito. Por iso, pensei que un día, alén do mar,

alguén as levaría a Begonte, para que poidan disfrutar da razón para as que foron creadas. Graciñas. Agardo velas un día no Belén chairego”.

Andrea abrazou as figuriñas perto do seu corazón dicíndolle ao pai: “Mañá, día de Nadal, iremos levalas ao Belén de Begonte.”

Chegou á casa, onde xa estaba preparada a mesa para comer, na sala grade. A nena non daba soltado as imaxes que chegaran da outra banda do mar, contando a súa viaxe peregrina. Lembrou a toda a familia as emocións da súa ida ao Belén e dicía: “Recordo cando cheguei ao centro cultural, abriuse a porta e de súpeto, o mundo pequerrecho do pobo de Belén en Begonte, púxose a andar. Os serradores, con moita pacencia, facían o seu traballo sen parar nin un chisco; os carpinteiros estaban a conversar unha longa historia; aló máis adiante, na casinha onde sae o fume da chimenea, uns veciños comparten as historias que foron contadas polos seus antergos; as lavadeiras míranse nas augas que podían ser as mesmas do Ladra.

¡Ai!, Lembrome dos lóstregos que parecían mesmo reais, e da neve nas montañas, e cando menos o esperabas, un anxiño percorría o ceo estrelado.

A luz do alpendre levoume os ollos a descubrir ao neno Xesús cos seus pais, e a pesar da pobreza que tiñan, radiaba neles a felicidade.

Na noite, o castelo de Herodes manifestaba o medo dos que gardan os que non teñen bondade no corazón.”

Xa me tardaba que nacera o día para levar as figuriñas ao que un día foi o seu fogar.

Todos se quedaron abraizados logo de escoitar a nena.

De cando en cando, entre bocado e bocado, faladurías e sorrisos, Andrea botáballe unha mirada a aqueles pequenos personaxes que acurrucaba nos seus brazos.

Foi durmir, e soñou con anxiños que xogaban entre estrelas prateadas, correndo ao longo dunha paisaxe entre cores verdes e azuis, mentres se perdían entre as árbores para anunciarlles aos pastores a chegada do Príncipe da Paz.

Cando abriu o día, toda a familia foi para Begonte e Andrea levaba a súa caixiña como ouro en pano.

Chegaron á casa do Belén e ao entrar, o sorriso encheu a cara da pequena.

Ela mirou fixamente para os personaxes que agardaban a chegada dos seus amigos, que pola súa ausencia foron botados moito en falla.

A rapaza exclamou: “Xa estou aquí”. E puxo en primeiro lugar o rei Herodes, apartado dos demais, pechándoo no seu Castelo e díxolle: “Quédate no teu mundo e non fagas máis mal”. Despois pousou o rei Baltasar preto do portal, mirou para os outros dous e díxolles: “Agora xa podedes estar contentos”. Deulle un bico á nai que tiña no seu regazo un neno e exclamou: “¡Aí tes a túa xente. Sigue vivindo e gozando neste Belén!” Mirou con un guiño o anxo e colocouno preto dos pastores, e moi

baixiño faloulle: “Lévalles a todos a mensaxe da paz”.

Andrea fixouse no pendello onde estaban os pais e o neno Xesús e comentoulles: “Agora podedes celebrar con moita festa este Nadal”.

A nena mirou para todo o entorno: as ovelas gozando da súa liberdade, os esquíos a correr polo monte e os parrulos mirándose no lago no que un pequeno home manexaba a súa barquiña.

Puxo os seus ollos na muller que fiaba a la e sorriron os oleiros que traballaban nos seus cacharros. Fóronselle os ollos para os soldados de Herodes que mirou con rabia.

Colleu da súa man os seus pais e exclamou: “Ímonos, estou contenta porque deixei en Begonte o seu tesouro que recollín do mar.”

Andrea sentiuse feliz xa que se decatou de que na vida real, como nas xentiñas do Belén de Begonte sintense felices cando comparten os seus gozos e ledicias vivindo en convivencia harmoniosa, xa que, illadas do seu entorno, non teñen vida e pensou: “Ogallá continúe atopando regalos fermosos como as figuriñas do Belén de Begonte.”

Aquela noite, soñou que as pequenas imaxes do Belén estaban de festa e de gran algarabía.



XOSÉ LUIS OTERO CEBRAL

Xosé Luis Otero Cebal é mestre e escritor.

Ten coordinado labores escolares premiados polo Museo de Pontevedra e programas de Radio Escolar Consellería de Educación.

É autor de varios libros de poesía e etnografía, tendo que subliñarse o seu traballo sobre *O carro en Galicia*.

Colabora asiduamente co xornal *El Progreso*, téndoo feito en *La Voz de Galicia*, *Palacio do Rei*, *Lúa Nova*...

Gañou o certame “Vir Fluvius” en 1995, o “Iar” de folclore en 1994 e 1996, o “Vila de Vilalba” de xornalismo en 1998, así como o Certame poético Xohán de Requeixo na súa sexta edición.

BEGONTE CHAMA POLO NADAL

Volta o Nadal coma sempre con todo o que supoña recordar outras tempadas de festa inmersos na armonía das arboriñas que dan brillo e luz a tódolos poboados desta vila que ten un xeito moi peculiar de festexar unha tradición que nunca nos esqueceu cando o campo ten forza nova nos abroutos e a xente preme o frío coma a liberdade que a leva a percorrer caminos e rúas entre a veciñanza de todos os seus e as vereas que a vida lle vai trazando, ata conquistar ver cumpridos os seus máis estimados obxectivos porque ee Begonte hai como un recremo para que a meirande parte dos lucenses e doutros lares o veñan visitar, visitas de agrado que xa non quedan no afastamento e son quizais o referente máis multitudinario que nos amosa a enxebreza desta localidade xunto coas romaxes dos Milagres de Saavedra.

Nunca se obviou este pobo no maxín do universo por ser centro de estratexia na Terra Chá, polos seus vestixios históricos de confluencia en Baamonde do cruce de comunicacións e da casa museo do artista Víctor Corral xunto coa sona da boa cociña da casa de O Labrego, e a súa ubicación ao abeiro do Vieiro do Norte a Compostela e a rota da costa lucense coma o máis embremático do que constitúe o seu inolvidable chan. Chan lírico e artístico de Baamonde, solo literario-xornalístico e creativo de Begonte onde o Centro Xosé Domínguez Guizán se inza coma a referencia máis notoria de todas cantas actividades e tradicións sobre

o Nadal acolle a nosa comunidade dende fai xa preto de catro décadas.

Nomear Begonte supón entrar nun entramado de maxia de burbullos que nos recrean dende a Lagoa de Cospeito e os animais do monte que chaman por nós tal e o como o fan as compoñendas do poeta Manuel María postas na voz fonda de Suso Baamonde coma se provira do Castro de Viladonga. Hai forza na natureza que nos identifica a través de todo o tecido das súas mais sublimes comunicacións, que fan posible a chegada ao cerne da vila de todo aquel que se propoña ver como é a Navidade en Galicia.

Ao Belén de Begonte anada tras anada acoden as autoridades locais, provinciais e nacionais para levar a cabo a súa apertura e o seu peche. Non nos conmove este feito, xa que se repite asiduamente nestas datas como algo prioritario que dignifica e converte en propio o tempo de carámbanos e teitos folerpos. Non se achan atrancos de ningún tipo para pór en funcionamento todo o entramado mecanizado que move ao Belén begontino en Nadal.

Avistar Begonte supón coñecer o Lugo profundo dentro do seu enclave natural onde a autenticidade da vida ten as súas primeiras raigames por ser ese un dos destiños das primarias civilizacións de lucenses que foron desenvolvendo a súa actividade colectiva e laboral ata os nosos días. Sendo así unha forma de vida sen dúbida para este período de festas nas que estamos inmersos desde nenos. Posi-

blemente outros pobos da provincia perderon ese encanto que tamén formou parte dos grandes eventos dos seus veciños noutrora e que agora por sentilo rutinario o esqueceron de todo conformándose con miudos detalles coma a arboriña ou luminarias que penduran sobre das rúas e edificios de cada lugar a rebordar de adornos nun arco da vella de luces que se apagan e acenden en cada parpadexar.

Seremos nós quen de pór en Begonte os lindes do que somos capaces de lembrar, aqueles momentos que aluden aos cumpridos de atención, disfrute e solidariedade en familia e cos iguais nestas datas nas que tanto despilfarro se amosa de capital. Nun intre de pobreza e necesidades prioritarias sería de razón evitar todo exceso que non sexa de utilidade para que o Nadal non deixe xamais de ser un dos mellores testemuños a través dos que a vida bula entre os solemnes eventos que pularon á humanidade.

Homes da terra coma Xosé Domínguez Guizán levaron o nome da Terra Chá ao cume dos lugares que teñen puxanza e son referencia da nosa navidade. Un crego de ideas avanzadas sen deixar de lado o seu saio vocacional. Un home capacitado para testemuñar que as cousas grandes non se esbotan da terra e teñen raigame para emerxer no tempo. O labor de Corral pasa a ser un legado, un devezo de forza que se inza na pedra de na madeira do bosque autóctono ao que hai que engadir o quefacer artístico de Ínsua Bermúdez.

dez e as figuras en lenzo de López Guntín. O prestidixitador Xosé Manuel Carballo Ferreiro convértese noutro cura para as andanzas liberais do eido literario dessta bisbarra na que sempre foi un protagonista excepcional nos recunchos tertuliáns de toda a contorna, levando o conto ao máis excepcional do parrafeo entre os figreses chairegos. Un referente para a Igrexa coma labor social encontrámolo de igual maneira en Alfonso Blanco Torrado, potenciador do asociacionismo e brillante dinamizador das terras do Balneario e da Tarta de Millo. Outras eminentes lembranzas desta terra áchanse nas narracións e no xornalismo levado a cabo por Xosé Trapero Pardo e Xesús Rábade Paredes.

Non esquezamos tampouco a Díaz Castro, a todas as grandes plumas vilalbesas coma Agustín Fernández Paz e Xulio Xiz entre outros que non me veñen á mente sempre amigos para a lectura de lecer e tempo de cultivar o pensamento. Teóricos coma o ensaísta, pensador e político Manuel Fraga Iribarne, e loitadores coma o senador Lago Lage socialista de Rábade. Todo un manantial no que regar o corpo da vida, o coñecemento de todo canto nos transmitiron os nosos devanceiros e o intelecto de cada xornada entre esas canseiras

físicas de traballar e loitar arreo. ¡Que mellor chanpán! para este tempo de Nadal.

Obradoiros da crise chegaron a Begonte coma o arte de orixinar dificultades ou mesmo dar paso a unha volta atrás no día a día serrando unha morea de carencias provocadas polos xenios da irresponsabilidade no desenvolvemento de feitos coma a “Operación Campión”, un ramallo de cardos cos que terá que lidiar a xuíza Estela San José, o “Caso Gurtel”, o “Caso Palma Area”, todo un mosaico de pezas axedrezadas que chegaron a se converter no Pozo da Forca onde caíu en precario a nosa endeble economía e polo tanto o noso estado de benestar social. Que testemuña para un triste Nadal no que os sen teito e os que mendigan cada vez son máis.

Vaia labor que terán que faceren os nosos artesáns para dar solucións a tantas indiferenzas coas que cada día todos nos temos que enfrontar. Que dirán os nenos do mundo cando vexan que os seus pais non achan onde traballar e qué berros emitirán os recién nados ante tanta falta de pan. Será o neno de Begonte capaz de aportar remedios ao liberador Rajoy que o pobo tivo que repescar. Sorte amiguíños que o grito de “¡Vivamos como galegos^{am}” aínda é unha mensaxe activa.



CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUZÁN"
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2012-XANEIRO 2013